

VENRES 3 ABRIL
20:30 H
A VELA CIRCO
(GALICIA)

"O ÚLTIMO QUE APAGUE A LUZ"
SINOPSE

DESDE O HUMOR E O CIRCO, ESTE ESPECTÁCULO TOMA COMO PUNTO DE PARTIDA O UNIVERSO CREADO POR DOUS PALLASOS QUE DECIDEN CASAR. QUE PODE PASAR?

ESTA TOLA CERIMONIA FARANOS REFLEXIONAR SOBRE O PORQUÉ DE CERTAS TRADICIÓN.

ESTRAGARÁN A TORTA E COMERÁN O RAMO?

NESTE RITUAL, COMO EN TODA GRAN VODA, MESTÚRANSE O CLOWN, EQUILIBRIOS SOBRE TORTA, MANIPULACIÓN DE OBXECTOS ENTRE VEOS E O LANZAMENTO OLÍMPICO DE RAMO.

A TRAVÉS DO MOVEMENTO E DO CIRCO APARECERÁN AS HISTORIAS MÁIS DESTERNILLANTES QUE Poidas IMAXINAR. TODOS ESTES ELEMENTOS CONXÚGANSE NA PROCURA DO CIRCO DO ABSURDO, O RITMO E A POÉTICA DO CAOS DO NOSO TEMPO.

SÁBADO 4 ABRIL
20:30 H
MOSTRA FIN DE CURSO
DE CLOWN
HILARY CHAPLAIN
ENTREGA PREMIO
ENTRADA DE BALDE



2026

O CLOWNCURSO

O CARBALLIÑO

SEMANA SANTA

entradas : 3,00€
bono 4 días : 10,00€

WWW.ESCOLAGALEGADECLOWNS.COM/OCLOWNCURSO2026

ORGANIZA



ESCOLA
GALEGA DE
CLOWNS

COLABORAN



Concello do Carballiño



DEPUTACIÓN
OURENSE




MARTES 31 MARZO

20:30 H

**NOMADAK
(NAVARRA)**

**"SOKA"
SINOPSE**

NUNHA VIDA RUTINEIRA, ESTE PALLASO VIVE POETICAMENTE O PASO DO TEMPO. A ROTINA E A SOIDADE DISPARAN A SÚA IMAXINACIÓN, DANDO VIDA AOS OBXECTOS QUE O RODEAN. TODOS OS DÍAS CHEGAMOS Á CASA DESPOIS DE PASAR O DÍA DANDO VOLTAS, ATADO POLA CORDA DO COMPROMISO. NESTE NÚMERO, ESE ABURRIMENTO DISPARA A SÚA CREATIVIDADE E A SÚA MANEIRA DE FACER DIFERENTE O QUE PARA TODO O MUNDO É ALGO NORMAL. NESTA VIAXE, O PÚBLICO ESTÁ MOI PRESENTE E ACOMPÁÑAO NO SEU MUNDO ONÍRICO E DISPARATADO.



MÉRCORES 1 ABRIL

20:30 H

**FREDI MUIÑO
(GALICIA)**

**"CIRCANELO"
SINOPSE**

CIRCANELO É TEATRO XESTUAL, DANZA E ACROBACIA; ESPONTANEIDADE, SORPRESA E DIVERSIÓN; ENTUSIASMO, TENRURA E INXENIO. NUNHA SOCIEDADE NA QUE SÓ SE VALORAN OS LOGROS E OS ÉXITOS, O PALLASO PON EN VALOR O FRACASO, O TRIUNFO DENDE O ERRO, A RESILIENCIA. VIVE NO PRESENTE, NO AQUÍ E NO AGORA, NA BÚSQUEDA DO QUE VERDADEIRAMENTE É EN CADA MOMENTO. O PÚBLICO O ACOMPÁÑARÁ NESTA VIAXE POR UN MUNDO DE EMOCIÓN, XOGO E IMPROVISACIÓN, ATENTOS ÓS CONFLITOS DESTE CLOWN QUE NON DUBIDA EN EXPOÑERSE, EN MOSTRARSE PARA CHEGAR A GRANDES E NENOS.



XOVES 2 ABRIL

20:30 H

**LAURA PUERTAS
(PAMPLONA-IRUÑA)**

**"SUPERELA"
SINOPSE**

PUPILA REVIVE LEMBRANZAS DA SÚA INFANCIA MENTRES XOGA AO AGOCHO COAS SÚAS AMIGAS ELISA, LORENA E ANE, QUE PARECEN ESTAR PERDIDAS OU AGOCHADAS, TANTO FÍSICA COMO METAFORICAMENTE. A MEDIDA QUE BUSCA AS SÚAS AMIGAS, PUPILA INTERACTÚA CO PÚBLICO E REFLEXIONA SOBRE A NATUREZA DA AMIZADE E O PASO DO TEMPO. A OBRA EXPLORA COMO OS XOGOS INFANTÍS SE TRANSFORMAN NUN MEDIO PARA AFRONTAR E COMPRENDER A VIDA ADULTA. A TRAVÉS DA FIGURA DE SUPERELLA, UN PERSONAXE DUN PROGRAMA INFANTIL QUE A PROTAGONISTA ADOITABA VER, FORMÚLASE UNHA REFLEXIÓN SOBRE O PODER E A IDENTIDADE PERSOAL. PUPILA INTENTA ADOPTAR OS PODERES DE SUPERELLA, PERO FINALMENTE DECÁTASE DE QUE O REALMENTE IMPORTANTE É "SUPER-SER-EU", CELEBRÁNDOSE A SI MESMA TAL E COMO É. O TON DA OBRA É LIXEIRO E HUMORÍSTICO, MAIS TAMÉN CONTA CUN FONDO MELANCÓLICO, XA QUE ABORDA TEMAS COMO A SOIDADE, O CAMBIO E A PROCURA DUN MESMO NO MEDIO DAS LEMBRANZAS DO PASADO. A INTERACCIÓN CONSTANTE CO PÚBLICO E A RECREACIÓN DOS XOGOS INFANTÍS CREAN UNHA ATMOSFERA DE PROXIMIDADE E COMPLICIDADE, MENTRES O PERSONAXE PRINCIPAL ATRAVESA UNHA VIAXE EMOCIONAL DE AUTODESCUBRIMENTO.

